

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 28 de maio de 2014.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra o Decreto do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, número 14003562, do 10 de abril de 2014, polo que se resolveu conceder a licenza de instalacións e apertura para a actividade de cafetería na ronda das Fontiñas, número 119-baixo dereita.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para modificacións de distribución, acabados e urbanización da parcela do edificio para residencia xeriátrica, construído con licenza urbanística número 189/2012, na avda. Infanta Elena, Duquesa de Lugo, parcela C, sector I, SUNP, ING; para reforma e acondicionamento de local para boleira, local I-3-01, primeira planta do Centro Comercial Abella, con licenzas urbanísticas número 1290/07 e número 234/2014, na rúa Orquídea, s/n; para demolición da edificación de planta baixa de uso de almacén de útiles agrícolas, sita en solo urbano non consolidado remitido a planeamento de desenvolvemento- PERI-9, na rúa Bolboreta, número 7; para renovación de cuberta e mellora de fachada lateral no edificio de vivendas para o seu mantemento e conservación, sito na praza Campo Castelo, número 3 e para reforma de planta baixa para reimplantación de supermercado no edificio sito en solo urbano, na rúa Quiroga Ballesteros, números 1-3.

Tamén se acorda a rectificación de erro no enderezo do acordo número 8/253, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do quince de abril de dous mil nove, polo que se concedía licenza de obra para reestruturación total por cambio de uso a vivendas do edificio sito na esquina da rúa Nova coa rúa Bolaño

Código Seguro de verificación:xUz+czU12G1FGJ4tTmqGjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	17/06/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



Rivadeneira, á que lle correspondería o enderezo rúa Bolaño Rivadeneira, número 24.

Así mesmo, acórdase a denegación de licenza para a construción de edificio para 10 despachos profesionais e locais comerciais na rúa Bispo Aguirre, número 8, e rúa vilalba, número 5.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por unha funcionaria adscrita a Arquitectura e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por persoal adscrito a Prazas e Mercado se a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos do contrato suscrito coa adxudicataria do servizo de retirada de vehículos da vía pública e o seu traslado ao depósito para a súa actualización durante o período comprendido entre o 1 de decembro de 2013 e o 30 de novembro de 2014.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para legalización de alpendre na parcela 10091, polígono 416, nas Regas-Carballido.

Acórdase aprobar a solicitude formulada na que insta a desistencia á solicitude de licenza de primeira utilización para rehabilitación interior do edificio sito na Praza do Campo, 1 bis, pola que ingresou a entidade mercantil a autoliquidación número 6193844, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 436,53 €.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

6. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación da autorización de uso en precario de locais da Casa Poeta María Mariño de asociacións de interese social, á "Asociación de axuda a enfermos crónicos" e á Liga reumatolóxica galega: loita contra o reumatismo".

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA

Código Seguro de verificación:xUz+czU12G1FGJ4tTmqGjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	17/06/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	xUz+czU12G1FGJ4tTmqGjQ==	PÁGINA 2/3



xUz+czU12G1FGJ4tTmqGjQ==

7. PARTICIPACIÓN CIADADÁ.- Acórdase aprobar a autorización de uso en precario do local social sito na Praza das Illas, 3, para Asociacións sen ánimo de lucro, sitas na zona de Montirón.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acordase aprobar o Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para executar as actuacións descritas como acondicionamento accesos Esperante e o Veral.

- Acórdase a concesión de licenza para a ampliación de dúas naves con licenzas 757/98 e 1.005/02 e construción de dous silos en explotación gandeira existente, en Seoane- San Xoán do Campo.

- Acórdase a concesión de licenza para a construción de caseta para apeiros e instalación de invernadoiros, en solo rústico de protección agro-forestal, en Vilanova, Santalla de Bóveda.

- Acórdase a concesión de licenza para a reforma e ampliación de corte de gando vacún de leite e fosa de xurro, con licenza de obras número 248/1992, no solo clasificado como rústico en vilar parroquia de Recimil.

- Acórdase aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto contratación do "Proxecto de adecuación exterior, ecoespazo e oficina na Praza de Abastos Municipal de Lugo. Actuación cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12urdip0000. gastos complementarios diversas actuacións e apertura do procedemento de adxudicación.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: xUz+czU12G1FGJ4tTmqGjQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	17/06/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	xUz+czU12G1FGJ4tTmqGjQ==	PÁGINA 3/3



xUz+czU12G1FGJ4tTmqGjQ==